

SECCION SINDICAL



CIG - ATENTO

✉ cigatento@yahoo.es

INFORMA:

III Convenio de Telemárketing: *TEMOS O QUE MERECEMOS???*

9 de Marzo de 2005

O martes día 8 de marzo asinouse o III Convenio Estatal para o sector de Telemárketing. Como era previsible, son poucas as melloras para os traballadores:

-Suba salarial :

2004, IPC real, atrasos a cobrar 2 meses despois da data de firma do Convenio.

2005: IPC real+ 1,5%

2006: IPC real +1,75%

-Reducción de 16 horas na xornada máxima anual:

Transformación dos 2 días “recuperables” en días de vacacións, e desaparecen os recuperables.

-Permiso de lactancia:

Posibilidade de redución en 1 hora ao principio ou final da xornada.

Desde a CIG consideramos que as traballadoras merecemos moito máis. Merecemos unha subida salarial digna que equipare o noso traballo co noso salario. Merecemos unha compensación por traballar os domingos, e non a propina que nos dan. Merecemos cobrar un plus por atender aos clientes en galego (2º idioma). Merecemos 2 días de descanso semanais. Merecemos coñecer o noso calendario laboral real con máis de 7 días de antelación. Merecemos unha mellora nas condicións de permisos retribuídos, na saúde laboral...

Pero CCOO e UGT acordaron coa patronal que este “é un bo acordo para o Telemárketing”. Ningunha das persoas que asinaron este Convenio foron nunca escravos dos cascos, e, evidentemente, non saben valorar o noso traballo diario. A CIG si estaba representada nesa negociación por unha traballadora de telemárketing, unha teleoperadora deste centro de Atento-A Coruña. Por isto, non estabamos dispostas a rebaixar os mínimos acordados en Novembro entre os catro sindicatos. Calquera cousa por debaixo diso é atentar contra a nosa dignidade.

Como sindicato e como traballadoras **consideramos unha traizón a todo o sector o “conflicto a largo plazo” que desenrolaron CCOO e UGT durante 13 meses, para rematar asinando esta miseria de Convenio,** e perder unha gran oportunidade para acadar unhas mínimas condicións económicas e laborais.

Pero non queremos dicir con todo isto que CCOO e UGT asinaran un convenio penoso deliberadamente... Non. Fixérono a cambio de 14 liberados: 8 para COMFÍA-CCOO e 6 para FES-UGT. 14 persoas que se repartirán en diversas comisións paritarias sectoriais, e que se dedicarán a interpretar o convenio, a decidir modificacións de xornadas, quendas e bandas horarias, a “vixiar” a nosa saúde laboral,... **14 persoas** que, dende a sede en Madrid das comisións, **tomarán decisións en nome de todas as traballadoras de telemárketing de todo o estado...**

A pesar de todo isto a CIG continuará a traballar para mellorar todo o posible as condicións laborais das traballadoras, porque nós fichamos todos os días. Creemos no que facemos, tanto no eido sindical como no laboral.

Merecemos algo mellor!!!

Por un convenio digno... no 2.007!!!

**TÁBOA SALARIO BASE****Táboas salariais recargo de festivos normais, festivos especiais e domingos**

TÁBOA SALARIAL DE TELEMÁRketing			
NIVEL	SALARIO 2004 Increm. 3,2%	ATRASOS 2004	SALARIO 2005 A cta. 2+1,5%
1	27.718,73 €	970,15 €	28.688,88 €
2	25.119,90 €	879,20 €	25.999,10 €
3	21.658,93 €	758,07 €	22.417,00 €
4	18.197,98 €	636,93 €	18.834,91 €
5	16.033,32 €	561,16 €	16.594,48 €
6	13.676,39 €	478,68 €	14.155,07 €
7	13.056,14 €	456,97 €	13.513,11 €
8	12.404,89 €	434,17 €	12.839,06 €
9	11.970,71 €	418,98 €	12.389,69 €
10	11.319,46 €	396,18 €	11.715,64 €
11	10.823,27 €	378,81 €	11.202,08 €
12	10.662,00 €	373,17 €	11.035,17 €

CATEGORÍAS PROFESIONÁIS

Xefe de Administración.....	.. Nivel 5
Técnico Administrativo.....	Nivel 6
Oficial Administrativo.....	Nivel 8
Auxiliar Administrativo.....	Nivel 11
Responsable de servicios.....	Nivel 5
Supervisor A	Nivel 6
Supervisor B	Nivel 7
Coordinador.....	Nivel 8
Xestor Telefónico.....	Nivel 9
Teleoperador/Especialista.....	Nivel 10
Teleoperador/Operador	Nivel 11
Oficial de Oficios Propios.....	Nivel 11
Auxiliar de Oficios Propios.....	Nivel 12

Recargo Festivos Normais			
NIVEL	SALARIO 2004 INCREM. 3,2%	ATRASOS 2004	SALARIO 2005 A CTA 2+1,5%
8	32,34 €	1,00 €	33,47 €
9	31,20 €	0,97 €	32,29 €
10	29,53 €	0,92 €	30,56 €
11	28,23 €	0,88 €	29,21 €
Recargo Festivos Especiais			
NIVEL	SALARIO 2004 Increm. 3,2%	ATRASOS 2004	SALARIO 2005 A CTA. 2+1,5%
8	68,60 €	2,13 €	71,00 €
9	66,18 €	2,05 €	68,50 €
10	62,58 €	1,94 €	64,77 €
11	59,83 €	1,86 €	61,92 €
Recargo Domingo			
NIVEL	SALARIO 2004 Increm. 3,2%	ATRASOS 2004	SALARIO 2005 A CTA 2+1,5%
8	11,16 €	0,35 €	11,55 €
9	10,76 €	0,33 €	11,14 €
10	10,18 €	0,32 €	10,53 €
11	9,73 €	0,30 €	10,07 €

NOTA: Estes importes veñen referidos a xornadas de 8 horas, obténdose o valor hora mediante a división do salario base, contido nas táboas do Anexo I, entre as 1.764 horas de xornada máxima anual, debéndose calcular en xornadas inferiores a parte proporcional.

Os importes correspondentes aos restantes niveles salariais, que non figuran nesta táboa, exceptuando os coincidentes, serán calculados mediante operación idéntica á seguida para esta.

Cando os festivos non se compensen con día libre, non se abonará o recargo, e retribuirase o festivo traballado conforme ao artigo 51 deste convenio.

As táboas cos incrementos correspondentes para o ano 2006, así como a actualización e atrasos que puideran xerarse das táboas de 2005, serán establecidos na Comisión Paritaria de Vixilancia e interpretación de acordo co establecido no art. 45 deste convenio.



**Táboa comparativa das peticións da plataforma de
CCOO+UGT+CGT+CIG fronte á oferta da patronal a 18/11/04
co III Convenio asinado por CCOO e UGT a 08/03/05**

18/11/04	<i>Proposta común dos 4 sindicatos 18/11/04</i>	Oferta patronal 18/11/04	III Convenio
Vixencia do Convenio	∅	-1 ano (Só se modificaría o salario: IPC real para 2004).	-3 anos
Subida salarial	-2004: IPC real -2005: IPC real + 2% -2006: IPC real + 1,75% Total: 3,75 %	-2004: IPC real. -2005: IPC real + 0,75% -2006: IPC real + 1%. Total: 1,75 %	-2004: IPC real. -2005: IPC real + 1'5% -2006: IPC real + 1'75% Total: 3,25 %
Subrogación e sucesión de empresas. (Art. 17 e 18)	-Cando se fale de % de traballadoras recolocadas sexa sobre as existentes, non as previstas. -Eliminación do Art. 17 do II Convenio (fin de obra), deixándoo na regulación que fai o Estatuto das Traballadoras.É máis xusto -Indefinidas de empresas cunha única campaña, que subroga a campaña a outra: as indefinidos agora mesmo teñen que asinar baixa voluntaria. Que lles correspondan 20 días. -Que se conserve a antigüidade.	-Antigüidade: Terase en conta para a categoría profesional. -O cálculo de % de traballadoras que se despedirán por fin de obra e as que pasarán á "nova" empresa farase sobre a previsión que faga a "nova" empresa.	-2005: Recolocación do 85% de empregad@s da empresa "orixe". -2006: Recolocación do 90% de empregadas da empresa "orixe". -Opción de recolocación: antigüidade mínima de 1 ano. -Os indefinidos cobrarán 22 días por ano e poderán ir a entrevista da nova empresa.
Reducción de xornada	-Que se conserven os 2 días de asuntos propios recuperables -16 h. de asuntos propios non recuperables e non vinculadas ás vacacións. -Contratación a tempo parcial: baixala do 75% actual ó 30%.	-Están dispostos a aceptar a redución de xornada conservando os 2 días de asuntos propios recuperables. -Néganse a falar de reducir a precariedade.	-Reducción de 16h (2 días como vacacións) desaparecendo os 2 días de asuntos propios recuperables. -Posibilidade de disfrutar os 4 días separados ou xuntos.
Quendas e horarios	-Que non se amplíen máis as bandas horarias. -Coñecer os horarios e libranzas e festivos a traballar cun mes de antelación. -Dous días de descanso semanais.	Aumentar 1 hora as quendas de mañá e tarde: -Mañá: de 7h a 17h. -Tarde: de 14h a 24h.	-Ampliación a petición de empresa (argumentando a necesidade). -De non haber acordo colectivo, mediación da Comisión Paritaria de Interpretación do Convenio.
Multiskill	-Traballadoras que atenden, (incluso ó mesmo tempo) servicios diferentes: Cese desta práctica. (multitarefa)	-Néganse a falar do tema.	∅
Permiso de lactancia	∅	∅	-Posibilidade de redución da xornada en 1/2h, ou de 1h se é a principio ou fin da xornada.
Comisión de estudio de categorías	∅	∅	-Sindicatos asinantes + AEMT contratarán unha consultora externa para estudio.. de categorías profesionais.
Representac. sindical	∅	∅	-Os sindicatos asinantes terán 14 liberados: 8 para COMFIA-CCOO e 6 para FeS-UGT na Comisión Paritaria.